



NOTIFICACIÓN

Expediente	2021013866	
Asunto	Notificación nomeamento diferido xef. Servizo RRHH	

Con data de 02/11/2021 a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi deste Concello adoptou unha resolución que transcrita di como segue:

“Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 19 de maio de 2021 e que copiado di:

“I.- ANTECEDENTES

Providencia da concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi de data 22/04/2021

Providencia da concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi de data 18/05/2021

Informe proposta da xefatura de sección de RRHH, 21/05/2021

Cálculo dos custos estimados anuais.

Informe favorable de intervención , 26/05/2021

Resolución do 26 de maio pola que se aproban as bases para a provisión polo procedemento de libre designación dos postos vacantes de Xefaturas de Servizo e Recadación. Publicadas no BOP núm. 109 do 11/06/2021.

Anuncio das bases e convocatoria publicado no DOG núm. 135, do 16/07/2021.

Proposta de nomeamento, polo procedemento de libre designación, asinada o 23/09/2021 pola concelleira delegada de área.

Resolución do 23/09/2021 na que se acorda o nomeamento das persoas propostas para ocupar os postos vacantes de Xefaturas de Servizo e Recadación.

Informe da Xefatura de Servizo de Contratación asinado o 28/10/2021

Oficio da Alcaldía de 28/10/2021 no que se solicita pospoñer o nomeamento do candidato proposto para ocupar o posto de Xefe de Recursos Humanos e Emprego.

Apertura trámite de audiencia ao interesado, 29/10/2021

Escrito remitido por Hortensio David Míguez Fuentes o 29/10/2021.

II.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo,

promoción profesional e promoción interna

Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento seral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna.

Demais normativa de aplicación

III.- CONTIDO

Por Resolución de data 23/09/201 a concelleira delegada da Área de Recursos Humanos acorda o nomeamento como Xefe de Servizo de Recursos Humanos e Emprego, polo procedemento de libre designación, de don Hortensio David Míguez Fuentes, funcionario de carreira do Concello de O Barco de Valdeorras e que na actualidade ocupa, en comisión de servizos, o posto de Xefe de Sección de Contratación deste Concello.

A Xefa de Servizo do Departamento de Contratación asina o 28 de outubro informe no que pon de manifesto as necesidades de persoal na súa Unidade; como consecuencia do mesmo, e na mesma data, o Sr Alcalde dirixe ao departamento de RRHH oficio polo que solicita que se proceda a pospoñer, en dous meses, o nomeamento de Hortensio David Míguez Fuentes, previa audiencia ao interesado.

Con data do 29/10/2021 dáse audiencia ao interesado o cal, na mesma data, comunica ao departamento de RRHH a súa decisión de non efectuar alegacións ao expediente.

No artigo 48.2 do Real Decreto 364/1995 recóllese que "El Subsecretario del Departamento donde preste servicios el funcionario podrá diferir el cese por necesidades del servicio hasta veinte días hábiles, comunicándose a la unidad a que haya sido destinado el funcionario.

Excepcionalmente, a proposta del Departamento, por exigencias del normal funcionamiento de los servicios, la Secretaría de Estado para la Administración Pública podrá aplazar la fecha de cese hasta un máximo de tres meses, computada la prórroga prevista en el párrafo anterior."

Do mesmo xeito o Decreto 93/1991 establece, no seu artigo 14 que (...) 2.—O titular da consellería onde preste servizos o funcionario poderá, con todo, diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais, debendo comunicarllo á unidade a que fora destinado o funcionario.

Excepcionalmente, a proposta da consellería, por esixencias do normal funcionamento dos servizos apreciados en cada caso pola Dirección Xeral da Función Pública, poderá aprazarse por esta a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista no parágrafo anterior. (...)"

Polo exposto proponse a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprazar a data de cesamento de don Hortensio David Míguez Fuentes, con carácter excepcional e por necesidades do servizo, no posto que ocupa na actualidade como xefe de Sección de Contratación polo prazo de 2 meses, ao abeiro do disposto nos artigos 48 do Real Decreto 364/1995 e 14 do Decreto 93/199.

Segundo.- Notificar o acordo ao interesando aos efectos oportunos."

Examinada asímesmo a documentación que o acompaña.

Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos."

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento

administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 45 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa (BOE 14/07/1998).

O secretario xeral